

Visto o expediente 146/2026, a instrutora do procedemento formula a seguinte proposta de resolución para a súa aprobación, se procede, pola Comisión da Transparencia.

Asunto: Reclamación en materia de acceso á información pública

Expediente: 146/2026

Interesado: .. .

Organismo: Concello de Burela

ANTECEDENTES

Primeiro. O 26.3.2026 .. . interpuxo ante a Comisión da Transparencia de Galicia unha reclamación fronte á desestimación presunta da súa solicitude, datada do 26.2.2026, de acceso a diversa documentación contractual e financeira do Concello de Burela, dende o 1.1.2019 ata a actualidade.

Xunto coa súa reclamación achegou unha copia da súa solicitude do 26.2.2026.

Segundo. O 31.3.2026 . . . comunicou que o 26.3.2026 se lle notificou a Resolución da Alcaldía do Concello de Burela da mesma data pola que se lle concedeu un acceso parcial á información solicitada. Nese mesmo escrito o reclamante manifestou a súa oposición é mencionada resolución.

Terceiro. O 9.4.2026 a Comisión da Transparencia de Galicia requiriu ao Concello de Burela a remisión do expediente ao que deu lugar a súa solicitude do 26.2.2026 e a emisión dun informe sobre a reclamación presentada.

Non consta a remisión da documentación requirida.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (en diante, LTAIP), de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, con carácter potestativo e con carácter previo á súa impugnación en vía contencioso-administrativa.

Pola súa banda, o artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (en diante, LTBG), establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante a Comisión da Transparencia, correspondendo a este órgano a súa resolución, de acordo co disposto no artigo 33 da mesma lei.

Ademais, a disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, tamén atribúe á Comisión da Transparencia de Galicia a resolución das reclamacións en materia de acceso á información pública, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada LTBG establece que o procedemento de reclamación se axustará ao previsto nos números 2, 3, e 4 do artigo 24 da LTAIP.

Neste punto é importante considerar que o artigo 23.1 da LTAIP establece que as reclamacións en materia de acceso á información pública terán a consideración de substitutivas dos recursos administrativos, para os efectos do

disposto no vixente artigo 112.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas (en diante, LPAC). Segundo este artigo 112.2 da LPAC:

“As leis poderán substituír o recurso de alzada, en supostos ou ámbitos sectoriais determinados, e cando a especificidade da materia así o xustifique, por outros procedementos de impugnación, reclamación, conciliación, mediación e arbitraje, ante órganos colexiados ou Comisións específicas non sometidas a instrucións xerárquicas, con respecto aos principios, garantías e prazos que a presente Lei recoñece ás persoas e aos interesados en todo procedemento administrativo”.

A configuración legal das reclamacións en materia de acceso á información pública coma un recurso substitutivo do recurso de alzada, de carácter potestativo, así coma o teor do artigo 112.2 *in fine* da LPAC, determinan xa a aplicación das previsións da LPAC en materia de recursos administrativos ao procedemento destas reclamacións. Así se establece, de feito, no artigo 24.3 da LTAIP, segundo o cal *“A tramitación da reclamación axustarase ao disposto en materia de recursos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común”*¹.

Terceiro. Prazo para a interposición da reclamación

O artigo 24.2 da LTAIP prevé como *“A reclamación interporase no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo”*, debendo considerarse neste punto que, de acordo co artigo 20.4 da mesma lei, para o caso de falta de resolución das solicitudes en prazo, estas se entenderán desestimadas.

¹ A referencia á Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, hoxe derogada, debe entenderse realizada á LPAC.

Pois ben, as previsións do artigo 24.2 da LTAIP han de entenderse moduladas, no que atinxe ao prazo para a interposición da reclamación no caso de desestimación presunta da solicitude, polo previsto no artigo 122.1 da LPAC que, ao regular o prazo para a interposición do recurso de alzada, establece que *“Se o acto non fora expreso o solicitante e outros posibles interesados poderán interpoñer recurso de alzada en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produzan os efectos do silencio administrativo”*. Respecto á inexistencia dun prazo preclusivo para reclamar contra as desestimacións presuntas en materia de acceso, tamén se pronunciou o Consejo de Transparencia y Buen Gobierno no Criterio interpretativo 1/2016, do 17 de febreiro.

Segundo resulta da documentación que consta no expediente, á data da presentación da reclamación fronte á desestimación presunta da solicitude de acceso do reclamante, o 26.3.2026, aínda non expirara o prazo para ditar resolución co que contaba o Concello de Burela para resolver a súa solicitude do 26.2.2026 (o prazo para ditar resolución expiraba ese mesmo 26.3.2026), polo que a reclamación presentada debería cualificarse como extemporánea por anticipada.

Agora ben, tal e como comunicou o propio reclamante a esta Comisión o 31.3.2026, na mesma data de interposición da reclamación, o 26.3.2026, o Concello de Burela lle notificou ao interesado a Resolución da Alcaldía da mesma data pola que se lle concedía un acceso parcial á información solicitada, manifestando o señor . . . a súa desconformidade coa resolución ditada.

Neste sentido, aínda que, en puridade, procedería a inadmisión da reclamación presentada o 26.3.2026 por extemporánea por anticipada e, ao mesmo tempo, a imposición ao interesado da carga de presentar unha nova reclamación contra a Resolución da Alcaldía do Concello de Burela do 26.3.2026, razóns de

economía procedementa e de eficacia na actuación desta Comisión, así como a aplicación do principio *pro actione*, aconsellan entrar a coñecer do fondo asunto.

Cuarto. O dereito de acceso á información pública

A Constitución española establece no seu artigo 105 b) que a lei regulará o acceso da cidadanía aos arquivos e rexistros administrativos, salvo no que afecte á seguridade e defensa do Estado, a investigación dos delitos e a intimidade das persoas.

A este respecto a Sentenza do Tribunal Constitucional 164/2021, do 4 de outubro, indicou como este precepto non recolle unicamente un principio reitor da actuación das Administracións públicas, senón un auténtico dereito público subxectivo practicable fronte a aquelas. Sinalou así a precitada sentenza:

«El art. 105 b) CE, encuadrado en el título IV, "Del Gobierno y de la Administración", incorpora un principio objetivo rector de la actuación de las administraciones públicas (art. 103.1 CE), derivado de exigencias de democracia y transparencia, así como un derecho subjetivo de las personas, ejercitable frente a las administraciones, con sujetos, objeto y límites definidos en el propio precepto constitucional, que fue desarrollado inicialmente en los arts. 35 h) y 37 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de régimen jurídico de las administraciones públicas y del procedimiento administrativo común, y actualmente en la Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno.

[...]

A la vista de lo expuesto, debe señalarse que el acceso a la información integra el contenido de un derecho público subjetivo ejercitable frente a la administración que, no siendo absoluto, solo puede ser limitado por motivos predeterminados en la ley, en virtud de una previa ponderación de los intereses en juego. De este modo, la posibilidad de limitar el acceso a la información no constituye una potestad discrecional de la administración».

No mesmo sentido pronunciouse o Tribunal Supremo nas Sentenzas do 7.2.2023, rec. 8005/2021, e do 21.4.2023, rec. 350/2022, salientando tamén este Tribunal nas Sentenzas do 29.5.2024, rec. 1262/2023, e do 11.9.2025, rec. 7878/2024, a estreita relación do dereito de acceso á información pública coa transparencia na actuación administrativa e co principio de boa administración recollido no artigo 41 da Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea.

Tratándose, xa que logo, o dereito de acceso dun auténtico dereito subxectivo da cidadanía fronte ás Administracións públicas, o artigo 13 d) da LPAC recolleu, coma un dereito das persoas nas súas relacións con elas, *“o dereito de acceso á información pública, arquivos e rexistros, de acordo co previsto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e o resto do ordenamento xurídico”*.

Como sinala a exposición de motivos da LTAIP, o acceso á información pública debe ser un dos eixos fundamentais da acción política pois *“só cando a acción dos responsables públicos se somete a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións poderemos falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos”*.

Neste sentido o dereito de acceso á información pública vén atribuído a todas as persoas (artigos 12 da LTAIP e 24.1 da LTBG), sen que estas teñan a obriga de motivar a súa solicitude de acceso á información (artigos 17.3 da LTAIP e 26.4 da LTBG).

E, respecto do que ha de entenderse por *“información pública”*, o artigo 24.1 da LTBG, seguindo o disposto no artigo 13 da LTAIP, defínea coma os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que obren en poder

dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación da presente lei e que foran elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, engadindo que tamén se considerará información pública, a producida polas entidades que presten servizos públicos ou exerzan potestades administrativas, nos termos contemplados no artigo 4 da lei.

Deste xeito, a normativa de transparencia delimita o ámbito material do dereito a partir dun concepto amplo de información, que abrangue tanto documentos coma contidos específicos e se estende a todo tipo de “*formato ou soporte*”. Ao mesmo tempo, acouta o seu alcance, esixindo a concorrencia de dous requisitos que determinan a natureza “*pública*” da información, cales son: a) que se atopen “*en poder*” dalgún dos suxeitos obrigados, e b) que fosen elaboradas ou obtidas “*no exercicio das súas funcións*”.

A amplitude no recoñecemento legal do dereito de acceso foi tamén recoñecida na Sentenza do Tribunal Supremo do 16.10.2017, rec. 75/2017, segundo a cal:

“En la Ley 19/2013 queda reconocido el derecho de acceso a la información pública como un auténtico derecho público subjetivo, al establecer que “Todas las personas tienen derecho a acceder a la información pública, en los términos previstos en el artículo 105.b) de la Constitución Española, desarrollados por esta Ley ” (artículo 12); que la Exposición de Motivos de la Ley configura de forma amplia ese derecho de acceso a la información pública, del que son titulares todas las personas, y que podrá ejercerse sin necesidad de motivar la solicitud; que este derecho solamente se verá limitado en aquellos casos en que así sea necesario por la propia naturaleza de la información -derivado de lo dispuesto en la Constitución Española- o por su entrada en conflicto con otros intereses protegidos; y, en fin, que, en todo caso, los límites previstos se aplicarán atendiendo a un test de daño (del interés que se salvaguarda con el límite) y de interés público en la divulgación (que en el caso concreto no prevalezca el interés público en la divulgación de la información) y de forma proporcionada y limitada por su objeto y finalidad”.

Quinto.- Análise do expediente.

Tal e como resulta do expediente remitido, a persoa reclamante solicitou con data do 26.2.2026 do Concello de Burela o acceso á seguinte información:

- En relación co contrato de recollida de residuos, limpeza viaria e servizos asociados: identificación do contrato vixente e dos anteriores, número de expediente, adxudicatario, data de formalización e vencemento, indicación de se o contrato foi prorrogado con copia do acordo e informes, indicación de se o servizo continuou prestándose tras o vencemento con copia do acordo e informes, informes da Intervención relacionados coa prórroga, continuidade do servizo e execución, e expediente completo da nova licitación.
- Relación íntegra dos expedientes de recoñecemento extraxudicial de crédito, aprobados dende 2019 ata a actualidade, con mención da data de aprobación, órgano competente, importe total e área o u servizo afectado, con acceso á totalidade deste expedientes.
- Relación de reparos formulados pola Intervención municipal, indicando o número de expediente, servizo ou contrato afectado, motivo do reparo e contía asociada, de ser o caso, con acceso aos informes de reparo, acordos de levantamento de reparo e á relación anual elaborada en materia de acordos contrarios a reparos e expedientes con omisión de fiscalización previa.
- Relación dos acordos plenarios ou da Xunta de Goberno Local nos que, dende o 1.1.2019, se aprobaran prórrogas ou continuidade dos servizos de servizos e limpeza, recoñecementos extraxudiciais de créditos e acordos contrarios a reparos ou levantamento de reparos.
- No caso de inexistencia de contratos en prórroga ou continuidade, reparos ou expedientes de recoñecemento extraxudicial de créditos vencellados a contratos

de servizos dende o 1.1.2019, solicita unha declaración ou certificación expresa da súa inexistencia.

A solicitude de acceso da persoa reclamante foi resolta mediante unha Resolución da Alcaldía do Concello de Burela do 26.3.2026, que estimou parcialmente a solicitude do 26.2.2026.

En particular, a Resolución do 26.3.2026 recoñeceu o acceso do reclamante á seguinte información:

- Identificación dos contratos de residuos, limpeza viaria e servizos asociados, mediante a remisión a unha concreta URL cos documentos referentes á prórroga do contrato incluído no expediente 2477/2028, comunicándolle ao interesado que *“o servizo continuou prestándose”*.
- Acceso parcial ao expediente 2485/2024, só no referente á preparación do contrato pois, ao estar pendente de adxudicación o contrato, *“a fase de avaliación dos criterios sometidos a xuízo de valor require independencia, obxectividade e ausencia de presións externas ó órgano de valoración”* e *“se trata de información en curso de elaboración. Durante esta fase, os informes técnicos e as valoracións non son definitivos, podendo ser obxecto de revisión, matización ou completado”*. Polo tanto, respecto da documentación da fase da adxudicación, o Concello invoca os límites ao acceso relacionados no artigo 14.1, h), j) e k) da LTAIP.
- Relación dos expedientes de recoñecemento extraxudiciais de crédito dende o ano 2019.
- Relacións de reparos de Intervención existentes dos anos 2019 a 2022, xa que *“respecto aos anos 2023 e 2024 trátase de relacións non existentes e, polo tanto, de información pública non existente ... A relación*

de reparos do ano 2025 atópase en fase de elaboración na actualidade na Intervención municipal e prevese contar con ela a día 30 de abril ...”.

O señor . . . manifestou o 31.3.2026 a súa desconformidade coa Resolución da Alcaldía do Concello de Burela do 26.2.2026, ao soste o seu dereito de acceso á seguinte información:

- Acordos, decretos e resolucións que ampararon a continuidade do servizo de recollida de residuos tras o vencemento do contrato, así como os informes de Intervención emitidos ao respecto.
- Relación, cos datos básicos (data de aprobación, órgano competente, importe total e área afectada), dos dez expedientes de recoñecemento extraxudicial de crédito identificados polo Concello.
- Reparos individuais da Intervención emitidos nos anos 2023 e 2024, con independencia da existencia, ou non, de relacións consolidadas.
- Certificación ou comunicación expresa sobre a inexistencia de calquera dos extremos anteriores que o Concello afirme non posuír.

Pois ben, o primeiro que ha de salientarse é que a análise realizada por esta Comisión respecto do acomodo a Dereito da Resolución da Alcaldía do 26.3.2026 debe cingirse, tal e como impón o principio de congruencia recollido no artigo 88.1 da LPAC, aos extremos indicados polo señor . . . no seu escrito do 31.3.2026.

Deste xeito, en relación co acceso aos acordos, decretos, resolucións e informes de Intervención que ampararon a continuidade do servizo de recollida de residuos tras o vencemento do contrato, a Resolución do 26.2.2026 recoñece que o servizo de recollida de residuos continuou prestándose, pero non fai un pronunciamento específico sobre o dereito de acceso do señor . . .

a esta información pública, fóra de indicar que non existe un informe da Intervención relativo á continuidade do servizo.

Polo tanto, coa excepción do informe de Intervención (que non existe e que, polo tanto, non pode ser obxecto do dereito), e ante a falta de invocación polo Concello de calquera circunstancia que permita limitar o acceso, ha de recoñecerse o dereito do interesado ao acceso aos acordos, decretos ou resolucións que ampararon a continuidade do servizo de recollida de residuos tras o vencemento do contrato.

Por outra banda, e polo que respecta á relación cos datos básicos (data de aprobación, órgano competente, importe total e área afectada) dos dez expedientes de recoñecemento extraxudicial de crédito identificados polo Concello, cómpre indicar que, consonte co indicado na Resolución da Alcaldía do 26.3.2026, esta relación non existe, o que serviu ao Concello para rexeitar o dereito de acceso, ao entender que o recoñecemento do dereito de acceso a esta relación comportaría a elaboración dun documento *ad hoc*, o que, a xuízo do Concello de Burela, excede do concepto de información pública recollido no artigo 13 da LTAIP.

Neste punto cómpre advertir que, á hora de rexeitar o acceso á relación dos expedientes de recoñecementos extraxudiciais de crédito dende o 1.1.2019, o Concello está a aplicar, sen invocala expresamente, a causa de inadmisión recollida no artigo 18.1 c) da LTAIP, “*relativa á información para cuxa divulgación sexa precisa un labor de reelaboración*”.

Agora ben, como xa indicou o Criterio do CTBG 7/2015, do 12 de novembro, o concepto de reelaboración non pode confundirse coa mera suma ou agregación de datos, sen un tratamento mínimo daqueles pois, en caso contrario, argumenta o Consejo, o dereito de acceso á información pública pasaría a configurarse como o dereito ao dato ou a un documento.

Velaí que o Tribunal Supremo na Sentenza do 3.3.2020, rec. 600/2018, concordando co manifestado polo Consejo, introducíse a distinción entre unha “reelaboración básica” que, a xuízo do Tribunal, non debería comportar, en liña de principio, a inadmisión da solicitude de acceso, e unha reelaboración complexa, que pode deberse a varias causas, entre elas que a información non conste na súa integridade no órgano ao que se solicita a información, e que si habilitaría á inadmisión da solicitude, ou a unha falta de medios técnicos ou, mesmo persoais, do suxeito obrigado para facilitar a información solicitada.

Esta, cómpre sinalar, é a liña seguida polo CTBG e polos órganos autonómicos de garantía do dereito de acceso, podendo citarse, por todas, a Resolución da Comisión de Garantía do Dereito de Acceso á Información Pública de Cataluña 243/2019, do 3 de maio, segundo a cal:

“El derecho de acceso a la información pública no sólo tiene por objeto documentos o archivos elaborados previamente, sino que también se puede ejercer en relación con la información, naturalmente existente, pero que requiera alguna tarea de elaboración para poder atender lo solicitado. [...] Por tanto, si no se acredita una tarea compleja de elaboración o reelaboración, el hecho de tener que elaborar la información solicitada no es motivo para dejar de atender la solicitud de información”.

No caso que nos ocupa, os expedientes de recoñecemento extraxudicial de créditos que se solicitan deberían atoparse no mesmo órgano e ascenden a un total de 10, polo que a relación que solicita o interesado, incluíndo os datos básicos dos expedientes, non pode cualificarse como unha reelaboración complexa que permita a inadmisión da solicitude de acceso, especialmente se se toma en consideración o carácter restritivo co que han de interpretarse as causas de inadmisión.

Por maior abastanza, o Concello tampouco xustificou en modo ningún a ausencia dos medios técnicos ou persoais precisos para a elaboración da mencionada relación, con mingua para o funcionamento dos servizos municipais, incumprindo

xa que logo, a carga de motivar que pesa sobre o suxeito obrigado que pretende invocar unha causa de inadmisión das solicitudes de acceso, tal e como esixe o artigo 18.1 da LTAIP e a xurisprudencia do Tribunal Supremo. En concreto, como sinalou Sentenza do Tribunal Supremo do 11.6.2020, rec. 577/2019, a motivación das limitacións ao dereito de acceso esixe unha *“justificación expresa y detallada que permita controlar la veracidad y proporcionalidad de la restricción establecida”*.

En conclusión, esta Comisión debe recoñecer o dereito de acceso do señor . . . á relación, cos datos básicos, dos recoñecementos extraxudiciais de crédito dende o 1.1.2019.

Noutra orde de cousas, respecto das relacións de reparos que o interesado solicitou dos anos 2023 e 2024, se estas relacións, como refire o Concello, non existen, non é posible recoñecer o dereito de acceso ao non existir o seu obxecto, cal é a información pública, configurada como contidos ou documentos que obren en poder dos suxeitos obrigados, en canto obxecto do dereito.

No entanto, esta circunstancia non empece ao recoñecemento do dereito de acceso aos informes de reparo da Intervención daqueles anos, que si son información pública respecto da cal, ademais, o Concello de Burela se limitou a invocar a causa de inadmisión prevista no artigo 18.1 e) da LTAIP.

Respecto da invocación desta causa de inadmisión, relativa ás solicitudes que *“teñan un carácter abusivo non xustificado coa finalidade de transparencia desta lei”*, é preciso indicar que o Concello de Burela tampouco chegou a motivar, nin sequer minimamente, a súa concorrencia, o que impide, de seu, a súa favorable acollida por parte desta Comisión.

En efecto, o artigo 18.1 da LTAIP esixe que a inadmisión das solicitudes de acceso teña lugar de forma motivada e, nesta liña, se pronunciou a Sentenza do

Tribunal Supremo do 16.10.2017, rec. 75/2017, salientando, ao mesmo tempo, a necesidade dunha interpretación restritiva das mesmas. Sinalou a precitada Sentenza:

“La formulación amplia en el reconocimiento y en la regulación legal del derecho de acceso a la información obliga a interpretar de forma estricta, cuando no restrictiva, tanto las limitaciones a ese derecho que se contemplan en el artículo 14.1 de la Ley 19/2013 como las causas de inadmisión de solicitudes de información que aparecen enumeradas en el artículo 18.1, sin que quepa aceptar limitaciones que supongan un menoscabo injustificado y desproporcionado del derecho de acceso a la información.

Por ello, la causa de inadmisión de las solicitudes de información que se contempla en el artículo 18.1.c) de la Ley 19/2013, de 9 de diciembre, no opera cuando quien invoca tal causa de inadmisión no justifique de manera clara y suficiente que resulte necesario ese tratamiento previo o reelaboración de la información.

Asimismo, la posibilidad de limitar el derecho de acceso a la información no constituye una potestad discrecional de la Administración o entidad a la que se solicita información, pues aquél es un derecho reconocido de forma amplia y que sólo puede ser limitado en los casos y en los términos previstos en la Ley...”.

Deste xeito, ante a ausencia por parte do Concello dunha xustificación mínima do carácter abusivo da solicitude de acceso aos informes de reparo dos anos 2023 e 2024, é forzoso o recoñecemento do dereito de acceso a aqueles informes.

Por último, e polo que atinxe á solicitude de certificación ou declaración expresa da inexistencia de calquera dos extremos cuxo acceso solicitou o 26.2.2026, ha de sinalarse que a emisión de certificacións tamén excede do obxecto propio do dereito de acceso, pois comporta a xeración dun documento novo, extremo non incluído no concepto de información pública que delimita o artigo 13 da LTAIP e que parte da preexistencia da información.

Neste mesmo sentido se pronunciou o CTBG, podendo citarse, por todas, as Resolucións 1331/2024 ou 378/2022, sinalando esta última como a LTAIP non ampara *“solicitudes de información que, en realidade, pretenden la obtención certificaciones, como acontece en este caso, puesto que tales certificaciones tienen la consideración de actos futuros en el sentido de que deben producirse o elaborarse expresamente, de forma diferenciada del contenido o acto que certifican, como consecuencia de la petición que se formule”*.

Distinto, cómpre sinalar, é o caso no que a persoa interesada solicite unha mera declaración de inexistencia de determinada información, pois neste suposto o obxecto do dereito de acceso non é un acto futuro, senón, unicamente, a indicación da inexistencia de determinada información.

Así as cousas, esta Comisión ha de recoñecer tamén o dereito de acceso do reclamante á información sobre a existencia, ou non, da diversa información relacionada na súa solicitude do 26.2.2026.

ACORDA

Primeiro: Estimar parcialmente a reclamación presentada por
contra a Resolución da Alcaldía do Concello de Burela do 26.3.2026, recoñecendo o dereito de acceso do interesado aos acordos e resolucións que ampararon a continuidade do servizo de recollida de residuos tras o vencemento do contrato, a unha relación dos expedientes de recoñecemento extraxudicial de créditos dende o 1.1.2019, aos informes de reparo dos anos 2023 e 2024 e, de ser o caso, á declaración expresa á que se refire a solicitude do 26.2.2026.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación desta resolución,



ante a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, na data da sinatura.

Andrés Lago Louro

Presidente da Comisión da Transparencia